



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL NO BOLETÍN OFICIAL DA  
PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

**SUMARIO**

Acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 6/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto, que non afectan a altas e baixas de crédito de persoal.

**TEXTO**

A Xunta Veciñal desta Entidade Local Menor, en sesión extraordinaria celebrada o día 08.11.2019, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, por Acordo da Xunta Veciñal con data do 08.11.2019, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, contado desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado na sede desta Entidade Local para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido este prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente este Acordo.

Bembrive (Vigo), 11 de novembro de 2019

○ Alcalde-Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González

